



CONCELLO DE  
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

# **B A N D O**

**DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA, (A Coruña) -----**

**-----FAI SABER:**

Que con motivo da celebración da **40ª edición da CARREIRA POPULAR DO CONCELLO DE NEGREIRA** o vindeiro domingo 10 de novembro do 2019, infórmase o seguinte:

A partir das 8h da mañá do domingo, as seguintes rúas permanecerán pechadas e non poderá haber ningún vehículo estacionado nas mesmas, con motivo da montaxe da infraestrutura da propia carreira. As rúas afectadas son:

***Rúa do Carme, Rúa Castelao (ata o cruce da Rúa Xosé Manuel López Ardeiro), así como o tramo da Rúa Rosalía de Castro que vai dende a Rúa de Castelao ata a Rúa Víctor García Ferreiro.***

Do mesmo xeito, faise saber que se producirán peches ao tráfico ao longo da mañá nas seguintes rúas polas que transcorre a carreira:

***Rúa Castelao, Rúa Teresa Fabeiro Caamaño, Rúa Rosalía de Castro, Avenida das Brañas, Avenida de Barcala, Rúa da Cachurra e a Rúa do Carme.***

***Tamén se verá afectada a rotonda do Ceilán, o polideportivo de Pedra Mámoa e o Polígono Industrial de Cobas.***

***\*\*Atención ás rúas confluentes con algunha das anteriores que se poidan ver afectadas polo peche das mesmas.***

Polo tanto, e para que o citado evento se desenvolva con normalidade e seguridade, solicitase a colaboración veciñal facendo o menor uso posible dos vehículos durante a celebración da proba.

Esta Alcaldía pide desculpas polas molestias que se poidan ocasionar.

----- O que se fai público para o xeral coñecemento.

Negreira, 4 de novembro de 2019.

***Alcalde-Presidente  
Manuel Ángel Leis Míguez***

